

Mírense desde as estrelas

Tiñamos para este martes un encontro poético no Instituto Xelmírez I, de Santiago de Compostela. Iamos comentar o poema de Wislawa Szymborska ‘Monólogo para Casandra’, pero as cousas cambiaron, e este 31 de marzo de 2020 estará baleiro o espazo que nos había acoller. As cousas cambiaron e nin sequera sabemos cando imos espertar disto, nin como. Tocounos un tempo áspero –coma a voz de Casandra no poema–, duro, difícil, pero tamén intensísimo e cargado dunha dolorosa riqueza, que se expresará inexorablemente no que tiremos de aquí colectivamente; desta experiencia que hoxe ocupa as nosas mentes e que nos mantén nun confinamento impensable hai un mes.



Illas Sisargas vistas desde o miradoiro de Santo Adrián (Malpica)

Creo que o ‘Monólogo’ ten aspectos inmensamente reveladores respecto deste estraño presente que habitamos; desta lameira de cifras, onde os rexistros marcan o compás da nosa respiración cun pingar constante, que se vai incrementando día por día, ata o momento en que abramos os ollos e vexamos diante de nós a dimensión final do sucedido. Ata que empecemos de novo a construír, do xeito que saibamos, cos materiais dos que dispoñamos, cun ánimo que, alto ou baixo, nos vai levar paso por paso a outro lugar, cunha experiencia nova e reveladora.

Casandra exhortounos a nos mirarmos desde as estrelas. Inutilmente: non chegara aínda o noso momento, e ningunha advertencia podía servirnos, porque nos faltaba comprender o código que a expresaba, e tamén a realidade á que se refería. Paréceme impensable que, antes de sufrir o golpe, tivésemos a capacidade de descifrar os designios dunha dimensión por acadar. A voz soamente podía anticiparnos que hai algo detrás; que un muro pode parecer insalvable, pero máis alá del sempre comeza outra paisaxe. Outro horizonte; outro universo.

Hoxe correspóndenos vivir a dor, o medo, e creo que só na medida en que recoñezamos estas emocións no noso interior teremos a capacidade de as transcendermos; de as convertermos nunha parte decisiva do novo ser que imos encarnar á volta dos acontecementos. Resultaría doado que o monitor soportase neste instante unha invitación a anticiparmos xa a felicidade de vivirmos nesa revelación impresionante, coma cada unha das que xorden de calquera cataclismo; pero permanecemos no presente, no agora, onde as augas pasan avoltas, coa súa carga de miseria, que creo inútil rexeitar.

Podemos sentir isto intensamente; tomalo nas mans e permitir que bañe a nosa pel cada vez que nos achegamos a algunha das numerosas pantallas que nos rodean. Permitir que circule libremente polo noso sangue, ata un momento en que a nosa mirada saiba erguerse un pouco. Quizabes non aínda ata nos vemos desde as estrelas, pero si desde unha perspectiva algo máis ampla. Abonda como para que empecemos

a descubrir algúns espazos de terra firme onde pórmos o pé e respirarmos algunha bocalada limpa. Despois virá o futuro, e tardaremos un chisco en descubriremos o seu rostro, que significará que dexergamos xa o de quen nos rodean e, máis tarde, o noso individual, inserido nunha nova expresión colectiva. E aínda –coma no de Casandra– caberá nel a beleza.

Suceda o que suceda, a nosa mirada pode abrirse sempre un pouco máis. Pode levarnos de par de quen sofren e –antes ou despois– revelarnos os espazos limpos que fican ao noso alcance: a fiestra aberta, o sol ou as nubes, as persoas que contan para nós e connosco; as árbores que xa van agromando para nos lembraren que chega a primavera. Todo se nos revela dun xeito natural; todo se expresa antes ou máis tarde, malia o discreto silencio que garda mentres atravesamos esta pasaxe que nos pide saltarmos sen rede, para nos collermos das mans e formarmos o inmenso tecido colectivo que converterá a caída nun fascinante voo, no fascinante voo que levamos sobre o noso planeta a través dos xiros dos astros.

Daquela, a distancia que nos marca esta proba quedará cumprida. E sorrirá Casandra, ao nos ver de par de si, despois de que a nosa mente se libere dos derradeiros cascallos da catarse. Malia que hoxe nos toque escaparmos do inescrutable, e o silencio nos resulte aínda inaccesible.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2020

CARLOS ARIAS